

CONVOCATORIA	CL2025M
PRAZA/POSTO	PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR TRES PRAZAS DE TÉCNICO/A EN EDUCACIÓN
TIPO	PRIMEIRO EXERCICIO –TEST
DATA	27 de novembro de 2025

1. Respecto o principio de legalidade, a Constitución española de 1978, recolle no seu artigo 9.3, que:
 - a. O xefe do Estado garante o principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos.
 - b. Os poderes públicos garanten o principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a retroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de liberdades individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos.
 - c. A Constitución garante o principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a retroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de liberdades individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos.
 - d. A Constitución garante o principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos.

2. Segundo o artigo 42 do Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, a notificación por comparecencia na sede electrónica ou sede electrónica asociada e a través da Dirección Electrónica Habilitada única, leva a posta a disposición do interesado dun acuse de recibo, que conterá como mínimo:
 - a. A identificación do acto notificado, a data e hora na que se produciu a posta a disposición e a data e hora do acceso ao seu contido ou do rexeitamento.
 - b. A identificación do acto notificado e a persoa destinataria, a data e hora na que se produciu a posta a disposición e a data e hora do acceso ao seu contido ou do rexeitamento.
 - c. A identificación do acto notificado e a persoa destinataria, a data e hora na que se produciu a posta a disposición.
 - d. Ningunha opción é correcta

3. No que refire á xestión electrónica dos procedementos, o Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, establece que, si existe a obrigaón do interesado de relacionarse a través de medios electrónicos e aquel non os utilizou:
 - a. O órgano requirirá a correspondente emenda, advertindo ao interesado, ou no seu caso o seu representante, que, de non ser atendido o requirimento no prazo de cinco días, terásele por desistido da súa solicitude ou se lle poderá declarar decaído no seu dereito ao trámite.
 - b. Ningunha opción é correcta.
 - c. O órgano requirirá a correspondente emenda, advertindo ao interesado, ou no seu caso o seu representante, que, de non ser atendido o requirimento no prazo de vinte días, terásele por desistido da súa solicitude ou se lle poderá declarar decaído no seu dereito ao trámite.
 - d. O órgano requirirá a correspondente emenda, advertindo ao interesado, ou no seu caso o seu representante, que, de non ser atendido o requirimento no prazo de quince días, terásele por desistido da súa solicitude ou se lle poderá declarar decaído no seu dereito ao trámite.

4. Segundo o artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, estarán suxeitos ao deber de confidencialidade
 - a. Os responsables e encargados do tratamento de datos, así como todas as persoas que interveñan en calquera fase deste.
 - b. Os responsables do tratamento de datos, así como as oficinas administrativas que interveñan en calquera fase deste.
 - c. Os responsables e encargados do tratamento de datos, así como todas as persoas que interveñan, de ser o caso, na fase de difusión.
 - d. O artigo 5 non regula esta materia.

5. Segundo o artigo 25 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as disposicións relativas aos principios da potestade sancionadora, serán extensivas...
 - a. Ao exercicio polas Administracións Públicas da potestade sancionadora, respecto de quen estean vinculados a elas por relacións reguladas pola lexislación de contratos do Sector Público.
 - b. Ao exercicio polas Administracións Públicas da súa potestade disciplinaria respecto do persoal ao seu servizo, calquera que sexa a natureza xurídica da relación de emprego.
 - c. Ao exercicio polas Administracións Públicas da potestade sancionadora, respecto de quen estean vinculados a elas por relacións reguladas pola lexislación patrimonial.
 - d. Ningunha opción é correcta.

6. O art. 109 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón que o persoal funcionario ten dereito a un permiso por traslado de domicilio:
 - a. Dun día natural de duración se o traslado ten lugar dentro da mesma localidade e de dous días naturais si implica cambio de residencia a outra localidade.
 - b. De dous días naturais de duración se o traslado ten lugar dentro da mesma localidade e de catro días naturais si implica cambio de residencia a outra localidade.
 - c. De tres días naturais de duración se o traslado ten lugar dentro da mesma localidade e de cinco días naturais si implica cambio de residencia a outra localidade.
 - d. De tres días de duración, implique ou non, cambio de residencia a outra localidade.

7. O artigo 192.6 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego público de Galicia, establece que, si durante a substanciación dun procedemento disciplinario a persoa contra a cal se dirixe, perdese a condición de empregado público...
 - a. Declararase de oficio a paralización do procedemento e ordenarase o arquivo das actuacións.
 - b. Declararase de oficio a prescrición do procedemento e ordenarase o arquivo das actuacións.
 - c. Declararase de oficio a caducidade do procedemento e ordenarase o arquivo das actuacións.
 - d. Declararase de oficio a finalización do procedemento e ordenarase o arquivo das actuacións.

8. No que refire ao sistema de fontes, segundo o disposto no Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil, sinala a opción correcta:
 - a. Os usos xurídicos que non sexan meramente interpretativos dunha declaración de vontade, terán a consideración de principio xeral do dereito.
 - b. O costume só rexerá en defecto de lei aplicable, sempre que non sexa contraria á moral ou á orde pública, e que resulte aprobada.
 - c. Os principios xerais do dereito aplicaranse en defecto de lei ou costume, sen prexuízo do seu carácter informador do ordenamento xurídico.
 - d. As opcións b) e c) son correctas.

9. Segundo o disposto na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, no contexto do réxime disciplinario, considéranse falta moi grave:
 - a. O incumprimento das ordes ou instrucións dos superiores xerárquicos relacionadas co servizo ou das obrigacións concretas do posto de traballo, así como as negligencias das que se deriven ou poidan derivarse prexuízos graves para o servizo.
 - b. O abuso de autoridade no desempeño das súas funcións.
 - c. As condutas constitutivas de delito doloso relacionadas co servizo que causen dano á Administración pública na que preste servizos ou á cidadanía, sempre que non constitúan falta moi grave.
 - d. O notorio incumprimento das funcións esenciais inherentes ao posto de traballo ou funcións encomendadas.

10. O artigo 188 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que o demérito, pode consistir nalgunha das seguintes medidas:
 - a. Perda de dous graos no sistema de carreira horizontal e privación do dereito a ser avaliado para o ascenso de grao por un período de entre dous anos e un día e cinco anos.
 - b. Perda de dous graos no sistema de carreira horizontal e privación do dereito a ser avaliado para o ascenso de grao por un período de entre dous anos e un día e catro anos.
 - c. Imposibilidade de participar en procedementos de provisión de postos ou de promoción interna por un período de entre un ano e un día e catro anos.
 - d. Todas as opcións son incorrectas.

11. Segundo o artigo 145 da Lei de Emprego Público de Galicia, a dedución de retribucións:
 - a. Ten carácter sancionador.
 - b. Non ten carácter sancionador e é independente da sanción disciplinaria que, no seu caso, poida corresponder.
 - c. É incompatible coa imposición de sanción disciplinaria.
 - d. Non está prevista a dedución de retribucións ao persoal.

12. A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, recolle a "Tipificación das infraccións e sancións polas Entidades Locais en determinadas materias" na súa:
 - a. Título XI
 - b. Título X
 - c. Título VII.
 - d. Ningunha opción é válida

13. Segundo a Teoría Ecolóxica dos Sistemas de Urie Bronfenbrenner, o sistema que representa un ou máis contornas que non inclúen á persoa en desenvolvemento como participante activo, pero nos cales se producen feitos que afectan ao que ocorre na contorna que comprende á persoa en desenvolvemento, ou que ven afectados polo que ocorre nesa contorna, é:
- Mesosistema
 - Microsistema
 - Exosistema
 - Cronosistema
14. ¿En que ano aprobouse en España a Lei Xeral de Beneficencia?
- 1932
 - 1767
 - 1824
 - 1849
15. Segundo o ASEDES e o Consello Profesional de Educadoras e Educadores Sociais (CGCEES), unha función esencial do educador/a social é:
- Elaborar diagnósticos clínicos en saúde mental.
 - Deseñar, implementar e avaliar programas e proxectos educativos.
 - Certificar competencias laborais no ámbito empresarial.
 - Realizar terapia psicolóxica individual.
16. O código deontolóxico do educador/a social establece que o traslado de información entre profesionais ou institucións:
- Debe facerse sempre sen informar o usuario.
 - Debe realizarse sempre en beneficio da persoa, grupo ou comunidade e baseado en principios éticos e/ou normas legais co coñecemento dos interesados/as.
 - Pode facer sen restricións se é para a mellora institucional.
 - Non se permite baixo ningún concepto compartir información.

17. Segundo Caride & Gradaïlle (2005) *Educación social e traballo interdisciplinar en servizos sociais*, no contexto de equipos interdisciplinares en servizos sociais e educación social, o educador/a social debe:
- Actuar de forma autónoma, centrando a intervención exclusivamente no desenvolvemento de competencias individuais e grupais, sen coordinación con outros profesionais.
 - Promover a participación, a autonomía, a inclusión e a cohesión social, integrando a perspectiva educativa na planificación e execución de estratexias compartidas polo equipo.
 - Executar indicacións do coordinador, rexistrando información sen intervir na planificación ou avaliación das accións.
 - Tomar decisións de carácter clínico ou terapéutico sobre usuarios, asumindo competencias doutros profesionais do equipo.
18. ¿Cal das seguintes formulacións correspóndese cun obxectivo horizontal da Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia 2025-2030?
- Mellorar as condicións residenciais e das vivendas da poboación xitana.
 - Promover a mellora do estado de saúde das persoas xitanas.
 - Incrementar o nivel educativo das persoas xitanas.
 - Conseguir a igualdade de trato e respecto á diversidade combatendo o antixitanismo e a discriminación.
19. De acordo co artigo 6 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o principio de responsabilidade pública recolle que:
- Recoñecerase aos nenos, nenas e adolescentes a súa dignidade e promoverase o exercicio pleno dos dereitos e responsabilidades que teñen recoñecidos nas convencións internacionais e no noso ordenamento xurídico.
 - Protexerase aos membros máis vulnerables da familia, e realizaranse as actuacións de prevención e protección das situacións de violencia, abuso, soidade, abandono ou indefensión.
 - Respectarase sempre a liberdade de organización da vida familiar e da convivencia no respecto á dignidade e os dereitos esenciais das persoas que integran a familia.
 - Ningunha é correcta.

20. De acordo co artigo 166 do Real Decreto 1155/2024, de 19 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, cando os Corpos e Forzas de Seguridade localicen a un estranxeiro non acompañado cuxa minoría de idade non poida ser establecida con seguridade, deben:
- Informar os servizos autonómicos de protección de menores para que, no seu caso, préstenlle a atención inmediata que precise de acordo co establecido na lexislación de protección xurídica do menor.
 - Pór en coñecemento do Ministerio Fiscal no prazo dun mes desde a localización.
 - Derivar ao menor a Xulgado de garda para a realización das probas de determinación da idade.
 - Solicitar auxilio ao subdelegado do goberno competente.
21. Na teoría de Piaget, a función Simbólica lógrase en:
- Etapa Operacional.
 - Etapa Sensoriomotora.
 - Etapa das Operacións Formais.
 - Etapa Preoperacional.
22. Sinale a resposta correcta de acordo con Ainsworth sobre os bebés cun apego evasivo:
- Ainsworth non realizou estudos sobre o apego dos bebés.
 - Choran ou protestan cando o coidador sae, pero son capaces de obter o consolo que necesitan e demostrar con eficacia e prontitude flexibilidade e resiliencia cando enfrontan situacións estresantes.
 - Mostran ansiedade mesmo antes de que o coidador saia e móstranse máis molestos cando parte.
 - Non se mostran afectados cando o coidador sae ou regresa e exhiben pouca emoción positiva ou negativa.
23. Segundo a teoría do desenvolvemento psicosocial de Erikson, o principal conflito psicosocial da adolescencia é:
- Autonomía vs. vergoña e dúbida.
 - Iniciativa vs. Culpa.
 - Identidade vs. confusión de identidade.
 - Generatividad vs. Estancamento.

24. Segundo Steinberg e Darling os pais e as nais que insisten nas regras, normas e valores importantes, pero están dispostos a escoitar, explicar e negociar; e exercen un control axeitado sobre a conduta do neno, nena ou adolescente pero non sobre os seus sentimentos, crenzas e sentido do eu, teñen un estilo de crianza:
- Autoritaria.
 - Permisiva.
 - Neglixente.
 - Autoritativa.
25. Segundo Albert Bandura, na primeira infancia unha fonte fundamental de aprendizaxe é:
- A maduración biolóxica independente do ambiente.
 - A exploración sensoriomotriz sen mediación social.
 - A aprendizaxe por observación e imitación de modelos.
 - O reforzo negativo como principal regulador da conduta.
26. Seguindo a Montessori, o propósito principal de materiais como a Torre Rosa ou a Escaleira Marrón na área sensorial é:
- Ensinar conceptos matemáticos avanzados mediante o cálculo.
 - Facilitar a discriminación visual de dimensións e preparar indirectamente para as matemáticas.
 - Traballar exclusivamente a motricidade grossa.
 - Demostrar a importancia da repetición mecánica.
27. No TDAH, segundo Barkley (2015), a principal dificultade cognitiva é:
- Déficit en memoria a longo prazo.
 - Déficit en funcións executivas, especialmente inhibición e control de impulsos.
 - Déficit en percepción auditiva.
 - Déficit exclusivo en linguaxe expresiva.
28. Segundo Farrington (1995), un predictor robusto de inadaptación social en adolescentes é:
- A frecuencia de condutas prosociais na infancia.
 - A historia de condutas antisociais temperás e fracaso escolar.
 - A exposición a actividades deportivas organizadas.
 - A alta autoestima.

29. Segundo a teoría de Andrews e Bonta, os “factores de risco centrais” para a inadaptación social inclúen:
- Factores individuais, familiares e sociais relacionados directamente coa conduta antisocial.
 - Unicamente déficit intelectual.
 - Preferencias alimentarias e hábitos de soño.
 - Factores ambientais non relacionados con conduta.
30. A teoría integradora de Farrington distingue entre factores de risco estáticos e dinámicos. Un exemplo de factor estático é:
- Historia criminal pasada.
 - Asociacións con pares antisociais.
 - Consumo actual de sustancias.
 - Actitudes violentas cara á autoridade.
31. Segundo Benítez 2013, o instrumento do educador/a social, que comprende a análise, diagnóstico e valoración dunha realidade determinada, que pretende informar sobre o proceso e recomendacións dunha situación que xustifique a intervención socioeducativa, é:
- Informe educativo.
 - Informe social.
 - Informe socioeducativo.
 - Informe psicológico.
32. Segundo Lazarus (1973) as principais dimensións conductuales que abarcan as habilidades sociais son:
- A capacidade de dicir non e a capacidade de pedir favores e facer peticións.
 - A capacidade de expresar sentimentos positivos e negativos.
 - A capacidade de iniciar, manter e terminar conversacións.
 - Todas son correctas.
33. A técnica que consiste en quitar, como consecuencia da conduta, algo que gusta (algún reforzador dispoñible), denomínase:
- Reforzo positivo.
 - Custo resposta.
 - Reforzo negativo.
 - Encadeamento.

34. Segundo o establecido no decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, as miniresidencias terán unha capacidade de:
- Máximo 15 prazas.
 - Máximo 25 prazas.
 - Máximo 10 prazas.
 - Mínimo 10 prazas.
35. De acordo co artigo 35 da lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o procedemento de mediación familiar terá como finalidades:
- A procura común de solucións satisfactorias e duradeiras no tempo.
 - Minimizar o custo emocional que todo conflito produce en todos os membros da familia.
 - Restablecer e/ou mellorar as relacións, presentes e futuras, entre as partes en conflito.
 - Todas son correctas.
36. Segundo o artigo 15 da lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, sinala cal destas funcións é propia dos servizos sociais especializados:
- A elaboración dun plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social.
 - A participación na xestión das prestacións económicas e o seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de intervención nos termos establecidos na normativa específica e materia de inclusión social.
 - Promover medidas de reinserción no seu ámbito de actuación e desenvolver medidas de rehabilitación social orientadas a normalizar as condicións de vida das persoas usuarias
 - A identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social
37. A Lei de Servizos Sociais de Galicia ten por obxecto:
- A ordenación e regulación dun sistema semipúblico de Servizos Sociais que garanta a atención a toda a poboación.
 - A estruturación e regulación dos servizos sociais de Galicia como servizo público para a construción dun sistema de benestar.
 - A organización e potenciación dun sistema centralizado de Servizos Sociais.
 - A distribución de competencias entre as entidades públicas de Servizos Sociais.

38. Segundo o artigo 8 do Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia, é deber das entidades prestadoras de servizos sociais con financiamento público, entre outros:
- Adecuarse ás directrices de planificación dos servizos sociais da Xunta de Galicia
 - Contar cun rexistro de altas e baixas de persoas usuarias e cun expediente individual de cada unha delas
 - Emitir informes sobre o destino e a axeitada utilización de subvencións percibidas en materia de servizos sociais, así como de calquera outra axuda económica articulada a través de convenios, contratos ou poldras figuras establecidas na normativa vixente.
 - Formular propostas de mellora da calidade dos servizos sociais
39. Segundo o artigo 41 da Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia, o persoal funcionario que desenvolva a súa actividade nos servizos sociais no exercicio das súas funcións relativas á protección de menores terá condición de:
- Axente colaborador.
 - Axente de apoio.
 - Axente da autoridade.
 - Axente especialista.
40. De entre as tipoloxías de fillos e fillas que agriden no fogar desenvolvidas por Urra Portillo, a que se corresponde con menores que "entenden que a obrigação dos pais é alimentarlles, lavarlles a roupa, deixarlles vivir e subvencionarlles todas as súas necesidades e o non cumprimento das súas esixencias supón o inicio dun altercado que acaba en agresión" denomínase:
- Patolóxicos.
 - Violencia apresa.
 - Hedonistas-Nihilistas.
 - Fillos de pais separados.

41. Segundo o Título I da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Enxuciamento Civil, son deberes dos menores (sinala a opción incorrecta):
- Participar e corresponsabilizarse no coidado do fogar e na realización das tarefas domésticas de acordo coa súa idade, co seu nivel de autonomía persoal e capacidade, e con dependencia do seu sexo.
 - Participar na vida familiar respectando aos seus proxenitores e irmáns, así como a outros familiares.
 - Respectar aos profesores e outros empregados dos centros escolares, así como ao resto dos seus compañeiros, evitando situacións de conflito e acoso escolar en calquera das súas formas, incluíndo o ciberacoso.
 - Respectar as normas de convivencia dos centros educativos, estudar durante as etapas de ensino obrigatorio e ter unha actitude positiva de aprendizaxe durante todo o proceso formativo.
42. Segundo a lei 1/1996 de protección xurídica do menor, no seu artigo 25, o acollemento residencial en centros de protección específica de menores con problemas de conduta. en que casos se realizara?:
- Exclusivamente, cando non sexa posible a intervención a través doutras medidas de protección.
 - Non poderán acceder menores con discapacidade por non contar cos apoios especializados
 - Exclusivamente poderán ser ingresados os que presenten enfermidades ou trastornos metais que requiran un tratamento específico.
 - Nos supostos de garda voluntaria, non será necesario o compromiso da familia a someterse á intervención profesional
43. Que artigo da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Enxuciamento Civil, recolle que o Ministerio Fiscal deberá exercer a inspección sobre todos os servizos e centros de acollemento residencial, analizando, entre outros, os Proxectos Educativos Individualizados, o Proxecto Educativo do Centro e o Regulamento Interno?
- Artigo 21.5
 - Artigo 20
 - Artigo 21 bis
 - Artigo 20 bis

44. Segundo o artigo 29 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Enxuciamento Civil, en referencia ao illamento dunha persoa menor cal é o tempo máximo permitido para o illamento provisional?
- 2 horas consecutivas
 - 3 horas consecutivas
 - 3 horas con intervalos
 - 6 horas con intervalos
45. Segundo o artigo 9 da Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, de responsabilidade penal dos menores, cando os feitos cometidos por un menor sexan cualificados de falta, Que duración máxima pode ter a medida de permanencia de fin de semana?
- 6 fins de semana
 - 4 fins de semana
 - 8 fins de semana
 - 3 fins de semana
46. Segundo a Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Enxuciamento Civil, cal é o prazo máximo que ten o Xulgado para resolver a ratificación do ingreso urxente dunha persoa menor nun centro de protección específico?
- 24 horas
 - 48 horas
 - 36 horas
 - 72 horas
47. A Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establece no art. 46 que as actuacións de prevención terán por obxecto:
- Desenvolver programas dirixidos a promover o coidado e atención axeitada das e os menores nas súas familias.
 - Sensibilizar á cidadanía no coñecemento, respecto e asunción dos dereitos da infancia e da adolescencia.
 - Evitar ou reducir as causas que provoquen ou favorezan os procesos de marxinación ou inadaptación dos nenos, nenas e adolescentes, as circunstancias de carencia ou de desprotección que dificulten ou menoscaben o libre e pleno desenvolvemento dos mesmos e os factores que propicien a deterioración da súa contorna sociofamiliar.
 - Favorecer a integración social dos e das menores en situación de desaxuste social, mediante accións que lles proporcionen as habilidades necesarias para evitar condutas antisociais e delituosas.

48. Que tipo de medidas de contención recóllense literalmente na Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e en que artigo da mesma?

- a. No artigo 23. Medidas de contención de tipo verbal, físico segundo o caso concreto e atendendo ás circunstancias concretas.
- b. No artigo 28. Medidas de contención de tipo verbal e emocional, de tipo físico e mecánico, en atención ás circunstancias en presenza.
- c. No artigo 33. Medidas de contención de tipo verbal e físico e mecánico, segundo o caso concreto e atendendo ás circunstancias concretas en presenza.
- d. No artigo 38. Medidas de contención de tipo verbal e físico, segundo o caso concreto e atendendo ás circunstancias concretas.

49. A Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia:

- a. Ten como obxecto introducir os cambios xurídicos-procesuais e substantivos necesarios naqueles ámbitos considerados como materia orgánica, ao incidir nos dereitos fundamentais e liberdades públicas establecidas na Constitución Española.
- b. Busca a mellora dos instrumentos de protección a menores en todo o territorio do Estado.
- c. Establece o dereito da persoa menor a ser ouvida e escoitada sen discriminación algunha por idade, discapacidade ou calquera outra circunstancia
- d. Todas son correctas

50. Que tipo de malos tratos defínese por ser unha acción non accidental por parte dos proxenitores ou persoas responsables do seu coidado que provoquen dano físico ou enfermidade do neno ou nena ou o sitúe en grave risco de padecelo, segundo a Guía para a detección do malos tratos infantís da Xunta de Galicia?

- a. Maltrato emocional
- b. Neglixencia física
- c. Abuso sexual
- d. Maltrato físico

51. Segundo o recolleito no artigo 6 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, a Xunta de Galicia someterá as súas actuacións en materia de familia aos principios reitores de:

- a. Solidariedade, igualdade e responsabilidade.
- b. Obxectividade, imparcialidade e seguridade xurídica
- c. Igualdade, liberdade e responsabilidade pública
- d. Cooperación, colaboración e responsabilidade

52. De acordo co Protocolo de elaboración e seguimento do Proxecto Educativo Individualizado (PEI) da Xunta de Galicia, o PEI realizarase nos ingresos urxentes:

- a. Durante os primeiros 15 días de estancia no centro
- b. Durante os primeiros 60 días de estancia no centro
- c. Durante os primeiros 30 días de estancia no centro
- d. Durante os primeiros 45 días de estancia no centro

53. Segundo a Orde do 1 de agosto de 1996 pola que se regulan os contidos mínimos do Regulamento de réxime interior e o proxecto educativo dos centros de atención a menores, o proxecto educativo non deberá contar co seguinte apartado:

- a. Descrición do centro
- b. Características da poboación atendida.
- c. Organización interna
- d. Metodoloxía da intervención educativa.

54. De acordo co Protocolo de reforzo educativo e medidas correctivas da Xunta de Galicia, cal das seguintes considérase unha falta grave?

- a. Introducir, posuír, usar ou consumir no recurso substancias ou obxectos non autorizados no interior.
- b. Resistirse de forma activa e grave no cumprimento das indicacións ou instrucións do equipo educativo no exercicio lexítimo das súas atribucións.
- c. Agredir, ameazar ou coaccionar a calquera persoa dentro ou fóra do recurso
- d. Negarse a facer, interromper ou realizar incorrectamente de forma intencionada as actividades programadas.

55. Segundo o recolleito na Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, no seu artigo 9 de réxime xeral de aplicación e duración das medidas; a duración das medidas non poderá exceder:

- a. 2 anos, as de beneficio da comunidade non máis de 90 horas e permanencia de fin de semana non superará os 8 fins de semana.
- b. 2 anos, as de beneficio da comunidade non máis de 100 horas e permanencia de fin de semana non superará os 8 fins de semana.
- c. 2 anos, as de beneficio da comunidade non máis de 120 horas e permanencia de fin de semana non superará os 10 fins de semana.
- d. 2 anos, as de beneficio da comunidade non máis de 150 horas e permanencia de fin de semana non superará os 12 fins de semana.

56. Segundo o recolleito no artigo 6o da Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, as únicas sancións que se poderán impor pola comisión de faltas moi graves serán:

- a. Separación do grupo de 5 a 10 días en casos de evidente agresividade, violencia e alteración grave da convivencia e durante 3 a 5 fins de semana.
- b. Privación de saídas de fin de semana dun a 15 días e a privación de saídas de carácter recreativo até 1 mes.
- c. Separación do grupo de 3 a 7 días en casos de evidente agresividade, violencia e alteración grave da convivencia e durante 3 a 5 fins de semana.
- d. A privación de participar en todas ou algunhas das actividades recreativas do centro durante un período dun a seis días

57. Segundo o recolleito no artigo 38 da Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores; finalizada a audiencia, o Xuíz de Menores ditará sentenza sobre os feitos sometidos a debate nun prazo máximo de:

- a. 5 días
- b. 10 días
- c. 15 días
- d. 20 días

58. Para unha boa interacción entre persoas educadoras e persoas menores, ¿que aspecto débese dar?

- a. Procurar estabilidade temporal das persoas educadoras e que este non cambie durante a estancia do neno, nena ou adolescente.
- b. Ter en conta os factores culturais e sociais nos que o centro está encadrado.
- c. Limitar espazos e tempos para unha mellor interacción.
- d. Dispor de varias figuras de referencia.

59. Todos os centros teñen un programa xeral que se complementa con programas específicos, segundo as súas características e demandas individuais, algúns deles son;

- a. Programa residencial básico.
- b. Programa de respiro.
- c. Programas de persoas menores de idade estranxeiros non acompañados.
- d. Todas as respostas son correctas.

60. En que artigo da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, recóllense os dereitos de especial protección da infancia e adolescencia?

- a. Artigo 41
- b. Artigo 42
- c. Artigo 43
- d. Artigo 44

61.A intervención con nenos, nenas e adolescentes con necesidades educativas especiais na Comunidade Autónoma de Galicia, está regulada en,

- a. Decreto 229/2012, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- b. Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- c. Decreto 229/2011, de 6 de decembro. polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- d. Decreto 229/2012, de 6 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

62.O Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, recolle que os libros de rexistro de usuarios dos centros de menores, así como os de reclamacións, estarán constituídos por follas encadernadas e numeradas, e que estes atópanse regulados nos apartados c) e d) do artigo 7.1.2, de que Decreto?

- a. Decreto 243/1995, de 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais.
- b. Decreto 243/1995, de 25 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais.
- c. Decreto 329/1995, de 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais.
- d. Decreto 243/1995, de 15 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais.

63. Segundo o artigo 15 do Decreto 329/2005, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, en canto a requisitos materiais correspondentes a todos os centros de atención específica, é un requisito específico:

- a. Ter unha capacidade máxima por cada unidade de convivencia de 10 prazas cunha superficie mínima de 10m^2 por praza.
- b. Ter unha capacidade máxima por cada unidade de convivencia de 15 prazas cunha superficie mínima de 10m^2 por praza.
- c. Ter unha capacidade máxima por cada unidade de convivencia de 15 prazas cunha superficie mínima de 15m^2 por praza.
- d. Ter unha capacidade máxima por cada unidade de convivencia de 10 prazas cunha superficie mínima de 15m^2 por praza.

64. Segundo o artigo 13 do Decreto 329/2005, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia; nos centros con fogares o cociente de persoal será:

- a. Unha traballadora ou traballador como mínimo no centro na quenda de noite e polo menos, unha educadora ou educador en cada unidade de convivencia nas horas do día nas que os menores permanezan no centro.
- b. Unha educadora ou educador por cada 4 menores en I momento no que se dea o máximo desenvolvemento das actividades diúrnas, nas quendas de noite unha educadora ou educador por cada 10 menores no centro.
- c. Unha educadora ou educador na quenda de noite e polo menos un educador ou educadora cada 8 menores nas horas do día nas que permanezan os menores.
- d. Ningunha resposta é correcta.

65. No ámbito da educación afectivo sexual nun centro de menores, que persoas menores practicarán máis facilmente sexo co fin de agradar, mesmo tranquilizar ou reter ás súas parellas?

- a. As e os adolescentes con ansiedade.
- b. As e os adolescentes con ambivalencia no apego.
- c. As e os mozos con temor ao abandono e ao rexeitamento.
- d. Todas as respostas son correctas.

66. Cal dos seguintes non é un indicador para a detección precoz do consumo de drogas en menores?

- a. Deterioración da imaxe persoal e da hixiene.
- b. Cambios nos hábitos da alimentación e soño.
- c. Queixas frecuentes de enfermidade e cansazo.
- d. Ningunha das anteriores é correcta.

67. Que é o androcentrismo?

- a. É a práctica, consciente ou non, de outorgarlle ao home e ao seu punto de vista unha posición central no mundo, na sociedade, na cultura e na historia.
- b. É a práctica na que a muller é a que exerce o dominio e influencia na sociedade.
- c. É a práctica que se debe inculcar nos nenos para lograr a igualdade entre homes e mulleres.
- d. É a práctica máis común nos centros de menores cando traballamos a igualdade, para favorecer á muller.

68. Segundo a Lei Orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, o sistema educativo español incluírá, dentro dos seus principios de calidade:

- a. A integración de contidos baseados na coeducación, excepto a educación afectivo-sexual para o alumnado.
- b. A integración de contidos baseados na coeducación e educación afectivo-sexual para o alumnado, sen considerarse a idade.
- c. A integración de contidos baseados na coeducación e educación afectivo-sexual para o alumnado, considerando a idade no alumnado con necesidades educativas específicas.
- d. A integración de contidos baseados na coeducación e educación afectivo-sexual para o alumnado, respectando as competencias en materia de educación das comunidades autónomas e en colaboración co ámbito sanitario

69. Ante a evidencia de consumo dunha persoa menor nun centro de protección, que é o que non debemos facer?

- a. Dialogar e analizar as circunstancias que levaron ao consumo.
- b. Manter o autocontrol emocional
- c. Desesperarse
- d. Entender que se está ante unha persoa que ten problemas e non "ante un problema".

70. Segundo a clasificación proposta pola OMS segundo o efecto no sistema nervioso central, a Ketamina é unha droga:

- a. Estimulante
- b. Depresora
- c. Perturbadora
- d. Legal

71.O Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia, está integrado por nenos, nenas e adolescentes con idades comprendidas entre os 10 e 17 anos, cales dos seguintes grupos son membros do consello?

- a. 15 persoas menores en representación dos consellos locais de participación infantil que promove UNICEF.
- b. 10 persoas menores procedentes do grupo de participación infantil e adolescente da plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia.
- c. 5 persoas menores do sistema de Protección de menores da Xunta de Galicia.
- d. Todos os anteriores son membros do Consello.

72.En que artigo da Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, recóllese a garantía dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia?

- a. Artigo 8
- b. Artigo 9
- c. Artigo 10
- d. Artigo 11

73. Segundo o artigo 17 de Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, en relación co deber de comunicación ás autoridades dunha situación de violencia exercida sobre unha persoa menor de idade, sinala a opción incorrecta:

- a. Os nenos, nenas e adolescentes que fosen vítimas de violencia ou presenciasen algunha situación de violencia sobre outra persoa menor de idade, deberán comunicalo persoalmente ás autoridades.
- b. É especialmente exixible ao persoal cualificado dos centros sanitarios, dos centros escolares, dos centros de deporte e lecer, dos centros de protección á infancia e de responsabilidade penal de menores e centros de acollida de asilo e atención humanitaria.
- c. Toda persoa está obrigada a comunicalo de forma inmediata.
- d. Os nenos, nenas e adolescentes que fosen vítimas de violencia ou presenciasen algunha situación de violencia sobre outra persoa menor de idade, poderán comunicalo, persoalmente, ou a través dos seus representantes legais.

74. Segundo o artigo 50 de Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, como deben actuar os membros das forzas e corpos de seguridade nos casos de violencia sobre a infancia e adolescencia?

- a. Só practicaranse dilixencias con intervención da persoa menor de idade que sexan estritamente necesarios. Por regra xeral a declaración do menor farase as veces que sexa necesario con profesionais especificamente formados.
- b. Permitirase ás persoas menores de idade, que así o soliciten, formular denuncia por si mesmas e sen necesidade de estar acompañadas por unha persoa adulta.
- c. Comprobarase a veracidade do exposto polo menor para tomar as medidas provisionais de protección.
- d. Todas as respostas son correctas.

75. Os malos tratos infantís, segundo a acción ou omisión concreta que se está producindo pode ser;

- a. Familiar, extrafamiliar, institucional ou social.
- b. Prenatal, posnatal, leve ou moderado.
- c. Físico, neglixencia, emocional ou abuso sexual.
- d. Ningún é correcto.

76. Cal das seguintes afirmacións non son funcións e obxectivos do acollemento familiar?

- a. Proporcionar aos menores en situación de desprotección, unha familia que sirva de contexto para o seu desenvolvemento e que substitúa a súa de maneira temporal.
- b. Evitar a institucionalización do menor.
- c. Facilitar os procesos de reinserción dos menores institucionalizados.
- d. Proporcionar aos menores nos centros as mellores condicións de vida.

77. Son obrigacións dun centro residencial;

- a. Promover a relación entre irmáns e a estabilidade residencial.
- b. Establecer mecanismos necesarios de coordinación de servizos sociais especializados para o seguimento e axuste de medidas de protección.
- c. Medidas educativas e supervisión que garantan a protección de datos persoais do menor ao acceder a tecnoloxías da información e a comunicación, así como de redes sociais.
- d. Todas as anteriores son correctas.

78.A *Estratexia estatal para un novo modelo de coidados na comunidade: un proceso de desinstitucionalización* expón un proceso de implementación complexo que busca unha profunda transformación dos sistemas de atención ás persoas con necesidades de apoio, centrándose no desenvolvemento e posta en marcha de servizos de base comunitaria para persoas maiores, con discapacidade e en situación de sinhogarismo, e de base familiar no caso de nenos, nenas e adolescentes no sistema de protección. cales son eixos que reflicten este proceso?

- a. Prevención de dinámicas de institucionalización.
- b. Desenvolvemento de servizos para a transición cara á vida na comunidade.
- c. Condicións habilitadoras para a desinstitucionalización.
- d. Todas son correctas.

79.O proceso de desinstitucionalización debe recoñecer e promover o dereito de todas as persoas, independentemente da súa situación ou intensidade de necesidades de apoio;

- a. A ter os apoios que precise para poder vivir na comunidade.
- b. A tomar decisións sobre as súas propias vidas.
- c. A participar plenamente na sociedade.
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

80.Podemos sospeitar de parentalidade maltratante cando:

- a. Aparecen deficiencias nas funcións nutridoras, socializadoras e educativas, xerando un modelo afectivo de apego inseguro.
- b. Aparecen indicadores de parentalidade disfuncional severa e crónica na historia dos pais e/ou as nais.
- c. Os pais e/ou as nais presentan trastornos severos de empatía, déficit nas súas capacidades cognitivas, problemas de saúde mental e ausencia de recoñecemento das súas responsabilidades.
- d. Todas as respostas son válidas.

PREGUNTAS DE RESERVA

81. Cando o artigo 29 da Constitución, determina que poderán exercer este dereito, só individualmente e con arranxo ao disposto na súa lexislación específica, A que está a facer referencia?

- a. O artigo 29 da Constitución está a facer referencia ao dereito de petición exercido polos membros das Forzas ou Institutos armados ou os membros integrantes das forzas de seguridade autonómicas.
- b. O artigo 29 da Constitución está a facer referencia ao dereito de petición exercido polos membros das Forzas ou Institutos armados, ou polo Corpo do poder xudicial.
- c. O artigo 29 da Constitución está a facer referencia ao dereito de petición exercido polos membros das Forzas ou Institutos armados ou Corpos armados territoriais.
- d. O artigo 29 da Constitución está a facer referencia ao dereito de petición exercido polos membros das Forzas ou Institutos armados ou dos Corpos sometidos a disciplina militar.

82. A Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, regula que, os servizos de prevención deberán estar en condicións de proporcionar á empresa o asesoramento e apoio que precise en función dos tipos de risco nela existentes, así como no referente a:

- a. A información e formación dos traballadores, nos termos previstos nos artigos 18 e 19 desta Lei.
- b. A información e formación dos traballadores, nos termos previstos nos artigos 19 e 20 desta Lei.
- c. A información e formación dos traballadores, nos termos previstos nos artigos 20 e 21 desta Lei.
- d. Ningunha opción é correcta.

83. Os investigadores do procesamento da información (Eccles, Wigfield e Byrnes, 2003) identificaron dúas categorías de cambio mensurable na cognición adolescente, cales son?

- a. Cambio primario e cambio secundario
- b. Cambio biolóxico e cambio psicolóxico
- c. Cambio estrutural e cambio funcional
- d. Cambio formal e cambio informal

84. Son entidades prestadoras de servizos sociais segundo o artigo 66 da Lei 13/2008:

- a. As entidades de iniciativa social, as entidades de iniciativa mercantil, as entidades locais e a administración autonómica.
- b. As entidades de iniciativa social, as entidades de iniciativa mercantil e as entidades locais
- c. As entidades de iniciativa social e as entidades de iniciativa mercantil
- d. Todas as respostas son falsas.

85. De acordo ao artigo 21 bis da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Enxuciamento Civil; un menor acollido, con independencia da modalidade de acollemento terá dereito a;

- a. Coñecer progresivamente a súa realidade socio-familiar e as súas circunstancias para facilitar a asunción das mesmas.
- b. Acceder ao seu expediente e coñecer os datos sobre as súas orixes e parentes biolóxicos, unha vez alcanzada a maioría de idade.
- c. Relacionarse coa súa familia de orixe no marco do réxime de visitas, relación e comunicación establecido pola entidade pública.
- d. Todas as respostas son correctas.

RESPOSTAS EXERCICIO TIPO TEST
PROCESO SELECTIVO (QUENDA LIBRE): 3 TÉC. EDUCACIÓN (CL2025M)

1	D
2	B
3	B
4	A
5	B
6	A
7	D
8	C
9	D
10	B
11	B
12	A
13	C
14	D
15	B
16	B
17	B
18	D
19	B
20	A
21	D
22	D
23	C
24	D
25	C
26	B
27	B
28	B
29	A
30	A
31	C
32	D
33	B
34	A
35	D
36	C
37	B
38	A
39	C
40	C
41	A
42	A

43	A
44	B
45	B
46	D
47	C
48	B
49	D
50	D
51	C
52	B
53	C
54	A
55	B
56	C
57	A
58	A
59	D
60	B
61	B
62	A
63	C
64	A
65	D
66	D
67	A
68	D
69	C
70	C
71	D
72	B
73	A
74	B
75	C
76	D
77	D
78	D
79	D
80	D
PREGUNTAS RESERVA	
81	D
82	A

83	C
84	A
85	D

As persoas aspirantes terán un prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das respostas correctas, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.